

Divulgación

Texto:
**Henrique
Neira**

Foto:
M. Blanco

A 'Guía das fontes do Camiño de Santiago en Galicia' foi publicada pola Universidade de Santiago coa axuda da Secretaría Xeral para o Turismo da Xunta de Galicia. A obra consta de dúas partes, a primeira é unha introdución ben documentada con listaxes das fontes nos distintos concellos que atravesan o Camiño nas provincias de Lugo e A Coruña. A continuación Xosé Manuel Navaza propón varias actuacións para construír novas fontes nas proximidades da ruta xacobeá, aproveitando a existencia de mananciais en distintos puntos de fácil acceso.

E a segunda parte é o catálogo de fontes, organizado por concellos. En cada concello indícase nun mapa a situación de cada unha delas, así como dos albergues, sinalando as distancias entre cada un dos puntos marcados. Despois dedícase a cada manancial unha páxina amosando a súa situación cunha pequena descrición e sinalando as súas coordenadas xeográficas, explicando que tipo de auga se pode atopar alí e se é necesario realizar ou non control de calidade, se seca durante o verán e finalmente propostas para mellorar o contorno. Todo isto

AS FONTES
TIVERON UNHA
IMPORTANTE
FUNCIÓN SOCIAL
ESPECIALMENTE NO
RURAL DESDE HAI
VARIOS SÉCULOS

acompañado dunha foto aérea e de catro fotos nas que se pode ver a súa situación e o propio manancial.

Lembra o autor na introdución que “na xeografía galega, e polo tanto tamén ao longo do Camiño de Santiago, abundan as fontes e mananciais, pero a escasa información que hai sobre estas fai que a moitos dos peregrinos que percorren o Camiño poida quedarlles a imaxe de que existen poucas fontes aínda que Galicia sexa o país das augas”.

En total, Navaza achega información sobre 169 puntos, sinalando que “son máis ben escasas as fontes con calidade artística, que só se poden atopar nalgunhas vilas do camiño”, pero sexa cal sexa o seu aspecto “forman parte da escolma das paisaxes que ilustran un percorrido pola xeografía, historia, etnografía e cultura da Galicia interior”.

De feito, subliña, moitos dos mananciais situados nas aldeas “amosan como se veu facendo ao longo dos séculos un uso sostible da auga no medio rural”,

O AUTOR REIVINDICA A SÚA POSTA EN VALOR COMO BENS ETNOGRÁFICOS



A FONTE DA PRAZA DE CERVANTES, NO CALOROSO 24 DE AGOSTO DO 2005, PUNTO PARA DESCANSO DE PEREGRINOS E TURISTAS

As fontes do Camiño Francés en Galicia

Xosé Manuel Navaza Dafonte elaborou un exhaustivo inventario das fontes existentes nas beiras do Camiño Francés en terras galegas. Inclúe abundantes datos e documentación gráfica, coa localización precisa de cada un destes mananciais e indicacións sobre se seca ou non durante o verán e as melloras precisas de ser necesarias

posto que se utilizaban “como fonte na que coller auga para beber, pasando a auga que saía da fonte a un abrevadoiro para o gando, lavadoiro e finalmente empregala para regar os morteiros ou prados. Tamén se aproveitan as fontes para verter a súa auga en tanques que a almacenan para a loita contra incendios, como acontece nas fontes de Lamalonga (Sarria), do Castelo ou dos Lameiros (Samos)”.

Mais tamén, historicamente, eran “punto de reunión das mulleres do lugar ou do barrio, e moito máis cando ao seu carón había un lavadoiro”, mentres os homes “participaban na limpeza que se facía das fontes unha vez no ano, o que era unha actividade de todos os veciños”, pois todos os espazos relacionados coa auga “sempre tiveron un pa-

pel relevante na vida cotiá das aldeas” ata a transformación das actividades agrogandeiras a partir da década dos sesenta ou dos setenta.

En definitiva, apunta o autor, tiveron “unha función social” que se mantivo durante séculos que se perdeu en boa medida, aínda que no caso das situadas á beira dos camiños de Santiago hoxe gañaron outros usuarios, os “peregrinos cargados coas súas mochilas”.

Nas conclusións da primeira parte, Navaza –que é profesor do Departamento de Enxeñaría Química da Universidade de Santiago– indica que se poden establecer tres grupos en relación coa calidade da auga. O primeiro sería o daquelas que forman parte da rede municipal de abastecemento e que acostu-

man estar nas vilas; o segundo, as que se nutren de augas de manancial ou pozo sen tratar pero que son potables; e o terceiro as que achegan auga de manancial pero contaminada, por exemplo

ALGÚNS DOS
MANANCIAS
ESTÁN HOXE
CONTAMINADOS
POR MATERIA
ORGÁNICA, PERO
PODEN LIMPARSE

porque a cantidade de materia orgánica que se foi acumulando durante anos de abandono acabou contaminando a auga.

Neste último caso, o autor é optimista, pois cre que “en moi-

tos destes casos, a situación podería solucionarse só con limpar a fonte”, e os mesmos veciños e veciñas xa se decataron nalgúns casos de que o uso de zorro como fertilizante pode contaminar as augas de manancial, polo que deixaron de botalo nas zonas próximas á orixe das fontes.

Xosé Manuel Navaza afirma que a súa posta en valor –nos casos onde están mal conservadas– é importante porque constitúen “un ben etnográfico do Camiño, independentemente de que a súa auga sexa ou non potable”.

En definitiva, trátase de recuperar un ben público para uso dos habitantes dos concellos que atravesan o Camiño e tamén para os peregrinos e turistas que percorren as rutas cara á cidade de Santiago de Compostela.